

procedemento de subvención e as fases de execución do gasto son as que de seguido se indican:

- Con carácter previo á aprobación das bases da convocatoria da subvención correspondente, expedirase, xunto co informe de fiscalización previa, a certificación de existencia de crédito adecuado e suficiente (documento contable RC)
- A aprobación das bases da convocatoria de subvención realizarase simultaneamente á aprobación do gasto, xerando un documento contable A (autorización)
- O acordo de concesión a favor dunha persoa ou entidade concreta, implicará a expedición do documento contable D, de compromiso ou disposición.
- Unha vez aportada e aprobada a documentación xustificativa de terse realizado o gasto, xerarse o documento O (recoñecemento da obriga).
- No caso de que a subvención teña carácter prepagable, o pago material da mesma tramitarase como pago a xustificar, co obxecto de facilitar o seu seguimento e control.

No caso das subvencións directas, a fiscalización previa efectuarase ó mesmo tempo que a expedición do documento contable RC, onde se certifique a existencia de crédito. A aprobación da mesma, neste caso a favor dun terceiro concreto, xerará o documento contable AD. Nas restantes fases, estarase ó disposto para as subvencións en réxime de concorrencia competitiva.

#### **BASE 44: SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS**

Teñen carácter de subvención directa, non suxeita ao réxime de concorrencia competitiva, non séndolle, polo tanto, de aplicación as normas de convocatoria, concorrencia e publicidade.

Para o orzamento de 2020 teñen a consideración de subvencións nominativas as seguintes:

<b>Aplicación orzamentaria</b>	<b>Asociación beneficiaria</b>	<b>Importe subvención (€)</b>
341/480.00	Sociedad Deportiva Esclavitud	3.200,00 €
341/480.00	Club Deportivo Sar	960,00 €
341/480.00	Club de Baloncesto de Padrón	960,00 €
341/480.00	Club padronés de boxeo	800,00 €
341/480.00	Club ciclista padronés	1.200,00 €
341/480.00	Club de axedrez de Padrón	640,00 €
341/480.00	Asociación de motos antigas Terras de Padrón	480,00 €
341/480.00	Sociedad Deportiva Flavia	2.400,00 €
341/480.00	Sociedade de caza e pesca de Padrón	1.200,00 €
341/480.00	Escola de axedrez de Padrón	1.120,00 €
341/480.00	Sociedade Deportiva Carcacia	960,00 €
2311/480.00	A.M.I.P.A.	12.000,00 €
2311/480.00	Asociación de Voluntarias San Vicente de Paúl	1.500,00 €



# Padrón

## Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.gal](http://www.padron.gal)

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 11 72 98

2311/480.00	Cáritas de Padrón	1.500,00 €
2311/480.00	Asociación cultural galega de formación permanente de adultos. Aulas 3ª idade	6.300,00 €
2311/480.00	Asociación de persoas xordas de Santiago de Compostela	400,00 €
334/480.00	Fundación Camilo José Cela	19.200,00 €
334/480.00	Irmandade dos Fillos e Amigos de Padrón	1.600,00 €
334/480.00	Fundación Rosalía de Castro	14.400,00 €
334/480.00	Comisión de Festas do Pemento de Herbón	1.440,00 €
433/480.00	Asociación de Empresarios de Padrón	1.600,00 €

### BASE 45: DOTACIÓNS A GRUPOS POLÍTICOS

De conformidade co disposto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 11/1999, recoñécese unha dotación económica para cada un dos grupos políticos que constitúen a Corporación. Esta asignación ten un compoñente fixo de 1.200,00 euros anuais para cada grupo e un compoñente variable, en función do número de membros, que ascende a 300,00 euros anuais por persoa.

Estas dotacións están excluídas da normativa xeral de subvencións e regularanse pola presente base de execución do orzamento.

Ditas dotacións non poderán destinarse ao pagamento de retribucións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación nin á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación, e conservar os correspondentes xustificantes da mesma e que poñerán a disposición do Pleno cando este o solicite e, en todo caso, deberán presentarse xustificantes dos gastos efectuados antes do 31 de decembro a efectos de fiscalización.

A contabilización destas asignacións realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 912/480.00 do presente orzamento por importe total de 8.700,00 euros.

### BASE NÚMERO 46. FACTURACIÓN ELECTRÓNICA

Dende o 15 de xaneiro de 2015 tódolos provedores que teñan entregado bens ou prestado servizos ao Concello de Padrón poderán expedir e remitir factura electrónica. En todo caso, estarán obrigados ao uso da factura electrónica e á súa presentación a través da plataforma electrónica FACE- Punto General de Entrada de Facturas Electrónicas- da Secretaría de Estado de Administracións Públicas do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas á que está adherido o Concello de Padrón, as seguintes entidades, salvo que o importe da factura sexa de ata 5.000,00 euros (IVE non engadido), caso no que se poderá seguir expedindo e remitindo factura en formato papel:

- Sociedades anónimas;
- Sociedades de responsabilidade limitada;
- Persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española;
- Establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria;